

## ■ LÉXICO: AS RELACIÓNS SEMÁNTICAS.

- A semántica é a disciplina da lingüística que estuda o significado da linguaxe.

- Principais relacións semánticas:

. **Polisemia:** un significante (unha palabra) presenta varios significados. Ex: *banco: asento, entidade financeira, conxunto de peixes...*

. **Homonimia:** dáse entre palabras que comparten unha mesma grafía (pero que en orixe eran palabras diferentes) e que se pronuncian igual, pero teñen significado diferentes. Ex: *canto: verbo cantar, pronome relativo...*

. **Sinonimia:** dúas ou máis palabras son intercambiables sen que se modifique o significado do enunciado. Debemos diferenciar entre sinonimia parcial, (*pesadas / indixestas*) cando as palabras non son intercambiables en todos os contextos e sinonimia total, (*oculista / oftalmólogo*) cando si son intercambiables en todos os contextos.

. **Antonimia:** prodúcese entre dúas palabras que teñen significados opostos (*alta / baixa*). Un xeito sinxelo de formar antónimos é usar prefixos con valor negativo (*militar / antimilitar*).

. **Hiperonimia e hiponimia:** o hiperónimo sería o nome "da etiqueta que lle poñemos á caixa" (*instrumentos*) e os hipónimos serían os que metemos dentro (*guitarra, acordeón, frauta...*). A relación que ten un hipónimo con outro, chámase cohiponimia.

. **Holonimia e meronimia:** o holónimo refírese a un todo do cal o merónimo é parte constituínte. Ex: "*cara*" sería o holónimo, mentres que "*cellas, ollos, nariz...*" serían os merónimos.